

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 12:36:28

SAIDA 11211/20



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 76/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 27 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 27 de xullo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información presentada á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, de acceso a copia de toda a documentación que obre no organismo responsable da tramitación dos fondos Leader (AGADER) relativa ao expediente ou expedientes referidos ao Proxecto de sendeiro fluvial a Carabeiras, en Lousame, aprobado pola Asociación de Desenvolvemento Local Deloia (GDR-18) para a súa presentación á convocatoria de Leader de 2019.

A reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 29 de xullo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Rural para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 9 de setembro de 2020 a Consellería de Medio Rural contesta a petición remitindo copia do expediente instruído no que figura a resolución do 2 de setembro de 2020, do Director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) pola que se concede o acceso á información solicitada por [REDACTED]

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A Consellería de Medio Rural non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou acceso á información presentada á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, de acceso a documentación que obre no organismo responsable da tramitación dos fondos Leader (AGADER) relativa ao expediente ou expedientes referidos ao Proxecto de sendeiro fluvial a Carabeiras, en Lousame, aprobado pola Asociación de Desenvolvemento Local Deloia (GDR-18) para a súa presentación á convocatoria de Leader de 2019A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), documentación que debe considerarse información pública.

AGADER non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, pero con data do 2 de setembro de 2020, a solicitude de acceso foi resolta de forma positiva facilitándosele o acceso á información á interesada mediante a remisión de copia do expediente.

Ao non terse recibida obxección algunha por parte da reclamante sobre la información recibida, débese entender que o seu dereito foi satisfeito aínda que de forma extemporánea polo que procede estimar por motivos formais a presente reclamación, sen que proceda efectuar actuacións complementarias.

Debe lembrarse á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) a obriga de resolver as solicitudes de acceso á información, no prazo dun mes desde a recepción da solicitude no órgano competente para resolver, de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 19/2016.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 27 de xullo de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información presentada á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural, de acceso a copia de toda a documentación que obre no organismos responsable da tramitación dos fondos Leader (AGADER) relativa ao expediente ou expedientes referidos ao Proxecto de sendeiro fluvial a Carabeiras, en Lousame, aprobado pola Asociación de Desenvolvemento Local Deloia (GDR-18) para a súa presentación á convocatoria de Leader de 2019.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no



artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.10.01 09:26:09 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.